

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de XANEIRO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 29 de xaneiro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

[*Declaración institucional para reiterar o compromiso co día escolar da non violencia e da paz.](#)

[*Declaración institucional relativa ao 2016 como Ano das Irmandades da Fala.](#)

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 14/15, do 30 de decembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 29001 á nº 29432 de 2015 e ata á nº 1650 de 2016.](#)

[3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia nº 34/2016 sobre nomeamento de presidentes de dúas comisión informativas permanentes.](#)

[4.-Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás comisión informativas e das modificacións efectuadas.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medioambiente

[5.-Aprobación provisional da quinta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, correspondente ao Concello de Carballo.](#)

[6.-Aprobación provisional da segunda relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, correspondente ao Concello da Laracha.](#)

[7.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2016, segunda fase.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

[8.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Afirmado e acondicionamento das estradas do Xirimbao e Loureiro”, do Concello de Teo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) Adicional 1/2015 código 15.2101.0319.0](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[9.-Aprobación definitiva do expediente de desafectación parcial do Centro Calvo Sotelo e aprobación definitiva da cesión de uso á Universidade da Coruña, para a súa utilización como Residencia Universitaria.](#)

[10.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325,80 m² no Edificio da Milagrosa, 2ª planta, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia con carácter gratuíto e aprobación do texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á Fundación Meniños.](#)

11.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para financiar a atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades culturais complementarias de posta en valor do dolmen de Dombate e a cultura megalítica.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

12.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro.

13.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre de 2015 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

14.-Aprobación da toma de coñecemento da aprobación definitiva do orzamento do Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, e do orzamento consolidado.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

-Moción do Grupo Alternativa dos Veciños respecto ao convenio co Concello de Coristanco para a adquisición dunha finca.

-Moción do Grupo Provincial Popular para adoptar un plan de axudas urxentes a municipios rurais, co obxecto de paliar os danos que se produciron a causa do temporal, que afectou á provincia da Coruña durante a fin de semana do 8 ao 10 de xaneiro de 2016.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE XANEIRO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de xaneiro de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a M ^a ROCIO FRAGA SANZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. CARLOS NEGREIRA SOUTO	PP
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP

D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Actúa como secretaria accidental, dona M^a Amparo C. Taboada Gil, official maior da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e oito minutos, a Sra. Secretaria accidental le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 14/15, DO 30 DE DECEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 14/15, do 30 de decembro.

Sra. Secretaria

Hai dúas declaración institucionais, a primeira é a declaración institucional para reiterar o compromiso co día escolar da non violencia e da paz.

“Mañá, 30 de xaneiro, celébrase en Galicia e noutras partes do Estado o Día Escolar da Nonviolencia e a Paz. Esta data conmemora o asasinato de Mahatma Gandhi, heroico defensor da igualdade e da xustiza, en 1948, o mesmo ano en que Nacións Unidas aprobaba a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, probablemente o tratado internacional máis relevante e influínte do século XX.

Desde hai cando menos tres décadas, neste día celébranse moi diversas actividades, promovidas fundamentalmente polas entidades da sociedade civil, nos centros escolares a favor da convivencia, da resolución pacífica dos conflitos, e da eliminación dos comportamentos que lesionan a vida en común entre as persoas dentro do ámbito educativo, como poden ser o acoso escolar, a discriminación ou segregación, a non integración ou calquera outro comportamento violento.

A educación é un requisito esencial para adquirir cidadanía, entendida como a característica dos membros dunha comunidade que permite a súa convivencia pacífica, que se comporten conforme a uns valores acordados a través dunha ética de mínimos, e que participen activa e publicamente na busca de solucións alternativas ás distintas problemáticas sociais.

Tal e como recolle a ONU na Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz, aprobada pola Asemblea Xeral o 6 de outubro de 1999, “a paz non é só a ausencia de conflitos, senón que tamén require un proceso positivo, dinámico e participativo no cal se promova o diálogo e se solucionen os conflitos nun espírito de entendemento e cooperación mutuos”.

O Día Escolar pola Paz e a Nonviolencia ten servido para impulsar e consolidar o tratamento transversal e específico da educación e da cultura da paz, os xogos cooperativos e as dinámicas de aula, os recursos didácticos relacionados coa educación para a cidadanía e os dereitos humanos, para abordar o ensino e a aprendizaxe dos valores cívicos e democráticos, as virtudes cívicas comúns, a mellora da convivencia escolar, a tolerancia, a solidariedade e a xustiza.

Por todo isto, desde as institucións públicas, é o momento de reafirmar a nosa vontade política na procura dun sistema educativo cada vez de mellor calidade, máis xusto e solidario. Aspiramos a que as nenas e nenos de Galicia e da provincia da Coruña en particular convivan plenamente coa diversidade humana, política e cultural, aprendendo a resolver pacífica e intelixentemente os conflitos que, sen dúbida, atoparán ao longo das súas vidas.

Na sesión plenaria do pasado 27 de novembro, esta Corporación provincial acordou unha Declaración Institucional a través da cal se “insta aos concellos a tomaren en conta a próxima celebración de días internacionais relativos ás raíces destes problemas, entre os que destacan o Día Escolar pola Paz e a Non violencia”.

Con ese motivo, a Deputación Provincial da Coruña, na Sesión Plenaria de hoxe e a través desta Declaración Institucional, quere reiterar o seu fondo compromiso co Día Escolar da Nonviolencia e a Paz, animando unha vez máis a todos os concellos da provincia, e comprometéndose a si mesma, a promover a celebración deste día nos centros escolares e nos seus respectivos ámbitos.

Por último, a Deputación Provincial da Coruña reafirma o seu compromiso cos principios fundacionais da ONU e da UNESCO, entre eles o que insta a construír os baluartes da Paz na mente das mulleres e dos homes, para o cal o sistema educativo é o espazo máis axeitado.”

Sra. Secretaria

A seguinte declaración é a declaración institucional relativa ao 2016 como Ano das Irmandades da Fala.

“O 2016 é o ano do centenario das Irmandades da Fala. A primeira delas, a Irmandade dos Amigos da Fala, constituíuse nunha xuntanza o 18 de maio de 1916 na cidade da Coruña, no número 38 da Rúa Real.

Tras a constitución desta primeira sociedade, o movemento espallouse rapidamente por toda Galiza. No transcurso da súa acción deron conferencias e promoveron a actividade editorial nas principais cidades galegas, que se concreta en iniciativas como Céltiga en Ferrol, Lar na Coruña ou Alborada en Pontevedra. Crearon a revista A Nosa Terra, que foi o medio de comunicación desde o que deron a coñecer os seus ideais.

Intelectuais e persoas como Antón e Ramón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira, Ramón Cabanillas, María Miramontes, Xaime Quintanilla, Otero Pedrayo ou Vicente Risco participaron deste movemento, cerna dun movemento social de reivindicación da lingua e da identidade nacional galega que mostrou unha nova forma de concibir o país, en tanto colocou por vez primeira Galiza como centro de decisión e como suxeito do seu devir social, cultural e político.

Neste último campo, as Irmandades defenderon unha "autonomía integral" dentro dunha federación ibérica en igualdade de relacións con Portugal, o ingreso das nacionalidades da península na Liga das Nacións, a comarcalización do país e a constitución dun Parlamento e dun Goberno propios que exerzan o poder galego.

Sendo as Irmandades da Fala unha peza fundamental na configuración do que hoxe somos como pobo e cultura, pensamos fundamental garantir o compromiso das institucións públicas coa súa celebración, difundindo na sociedade actual o coñecemento do seu legado histórico.

Consonte o acordo unánime do Parlamento de Galiza de 29 de abril de 2015, a Deputación da Coruña declara o 2016 "Ano das Irmandades da Fala".

A Deputación da Coruña, en colaboración con outras institucións e entidades, desenvolverá un programa de actividades conducentes a divulgar o coñecemento do encomiábel labor desta organización, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galicia culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma."

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 29001 Á NÚM. 29432 DE 2015 E ATA Á NÚM 1650 DE 2016.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 29001 á número 29432 de 2015 e ata a número 1650, de 2016.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 34/2016 SOBRE NOMEAMENTO DE PRESIDENTES DE DÚAS COMISIÓN INFORMATIVAS PERMANENTES.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 34/2016, sobre nomeamento de presidentes das Comisións informativas de Cultura e Normalización Lingüística e Cooperación, Plans provincial xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓN INFORMATIVAS E DAS MODIFICACIÓNS EFECTUADAS.

Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscripción concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 26 de xaneiro de 2016, a composición das comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIOi	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: José García Liñares Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Javier Cainzos Vázquez José C. Calvelo Martínez Gumersindo Galego Feal Andrés García Cardeso Mariel Padín Fernández	José García Liñares Antonio Leira Piñeiro Julio Sacristán de Diego	Ánxela Franco Pouso Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Cultura e Normalización Lingüísticaⁱⁱ 17:00 h luns ⁱⁱⁱ Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Mª Goretti Sanmartín Rei^{iv} Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	Juan J. Dieste Ortigueira Susana García Gómez Agustín Hernández Fdez de Rojas Luis Oujo Pouso Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro José Luis García García José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Mª Goretti Sanmartín Rei	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIOi	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Ánxela Franco Pouso Secretaria: Carolina Buhigas Jack ⁱ	Javier Cainzos Vázquez José L. Fernández Mourinho Mariel Padín Fernández Eduardo Parga Veiga Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Ánxela Franco Pouso Manuel Muiño Espasandín	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Promoción Económica e Emprego 18:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Luis García García Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Juan J. Dieste Ortigueira José A. García Cardeso Susana García Gómez Agustín Hernández Fdez de Rojas Luis Oujo Pouso	José Luis García García José García Liñares José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Ánxela Franco Pouso	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Manuel Pequeño Castro Secretaria: Nuria Somoza Quintero	Juan J. Dieste Ortigueira José A. García Cardeso Susana García Gómez Agustín Hernández Fdez de Rojas Luis Oujo Pouso	Juan V. Penabad Muras José M. Pequeño Castro Julio Sacristán de Diego	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Contratación, Patrimonio e Equipamento 18:00 h mércores Semana anterior ao	Presidente: Xesús Manuel Soto Vivero Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández ^{vi}	Javier Cainzos Vázquez José C. Calvelo Martínez José L. Fernández Mourinho Gumersindo Galego Feal Eduardo Parga Veiga	José Luis García García José García Liñares Antonio Leira Piñeiro	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIOi	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico ^{vii} 17:30 h xoves Semana anterior ao	Presidente: Xosé Regueira Varela ^{vii} Secretaria: Susana Rouco Penabad	José C. Calvelo Martínez José L. Fernández Mouriño Gumersindo Galego Feal Mariel Padín Fernández	José Luis García García José M. Pequeño Castro Julio Sacristán de Diego	Manuel Muiño Espasandín Xosé Regueira Varela	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	José L. Fernández Mouriño Gumersindo Galego Feal Mariel Padín Fernández Eduardo Parga Veiga Luís Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

ⁱ RP 2015/16983 e RP 2015/16984, nomeamento presidentes e secretarios Comisións Informativas

ⁱⁱ PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

ⁱⁱⁱ COMISIÓN CULTURA 18-01-2016. Modifica réxime sesións da comisión, pasa ás 17h

^{iv} RP 2016/34, nomeamento presidenta CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

^v RP 2015/20483, modifica RP 2015/16984

^{vi} RP 2015/20483, modifica RP 2015/1694

^{vii} PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

^{viii} RP 2016/34, nomeamento presidente CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

5.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA QUINTA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015, CORRESPONDENTE AO CONCELLO DE CARBALLO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente da quinta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, aprobado inicialmente por acordo plenario da Deputación do 27 de novembro de 2015, no marco das *“Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”*, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro de 2012.

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polo Concello de Carballo, relativa á dispoñibilidade dos terreos e a aprobación do proxecto, de conformidade coas bases e compromisos de aceptación da entrega da obra.

1.- Aprobar provisionalmente a obra incluída na quinta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
2015.1130.0010.0	Melloras na estrada DP 1901 de Carballo a Sísamo (Fase I), PK 0,000 ao 0,310 (Carballo)	Carballo	418.420,00
TOTAL			418.420,00

O financiamento desta obra incluída no plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente presuposto provincial.

2.- Expoñer ao público a aprobación provisional desta quinta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polo proxecto do Concello de Carballo, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobada se non hai ningunha reclamación.”

6.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA SEGUNDA RELACIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015, CORRESPONDENTE AO CONCELLO DA LARACHA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, aprobado inicialmente por acordo plenario da Deputación do día 8 de outubro de 2015, no marco das *“Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”*, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro de 2012, que incluía aos concellos de Ferrol, Frades, A Laracha e O Pino

Visto o acordo plenario provincial do día 30 de decembro de 2015 de aprobación provisional dos proxectos das obras dos concellos de Frades e O Pino, dentro da primeira relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polo Concello da Laracha, relativa á non dispoñibilidade dos terreos e a aprobación do proxecto, de conformidade coas bases e compromisos de aceptación da entrega das obras

Tendo en conta que é necesario iniciar un expediente de expropiación para a execución das obras contidas no proxecto técnico da obra

1.- Aprobar provisionalmente a segunda relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, na que se inclúe a seguinte obra do Concello da Laracha:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO DEPUTACIÓN FP (0410/4533/60900)	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
2015.1130.0007.0	Mellora seguridade viaria DP 0514 entre Xermaña e Caión (A Laracha)	A Laracha	307.957,60	14.476,04

Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

O financiamento desta obra incluída no plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente orzamento provincial.

2.- Expoñer ao público a aprobación provisional da segunda relación das obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polo proxecto do Concello da Laracha, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobada se non hai ningunha reclamación.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, SEGUNDA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2016, segunda fase, integrado pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLOS	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1100.0034.0	Reforzo de firme na DP 0105 Cortiñán a Vilacoba	Abegondo e Betanzos	508.709,80
TOTAL			508.709,80

O financiamento deste proxecto realizarase utilizando o nivel de vinculación xurídica na aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, poderanse proseguir as actuacións, unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderase proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DAS ESTRADAS DO XIRIMBAO E LOUREIRO”, DO CONCELLO DE TEO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2015 CÓDIGO 15.2101.0319.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver a resolución da Presidencia desta deputación provincial nº 29154, do 28 de decembro de 2015, pola que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2015 en relación co acordo do Pleno desta deputación do 27 de febreiro de 2015, que aprobou o POS 2015, no que se incluíu a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Teo un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, previos os correspondentes informes favorables.

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1. Aprobado o proxecto modificado da obra “Afirmado e acondicionamento das estradas do Xirimbao e Loureiro”, do Concello de Teo, incluída no Plan provincial de

cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2015 co código 15.2101.0319.0, cos datos que se indican, xa que aínda que a modificación do proxecto consiste unicamente na corrección dun erro gráfico do trazado dun plano do proxecto inicial, esta modificación implica un cambio de trazado con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
15.2101.0319.0	Teo	Afirmado e acondicionamento das estradas do Xirimbao e Loureiro	79 .260,21 €	27. 420,55 €	106. 680,76 €

2. Condicionar a aprobación definitiva deste proxecto modificado á incorporación dos remanentes do exercicio anterior para os efectos de que se consigne na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial crédito suficiente para facerlle fronte á achega provincial desta obra.”

9. APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCIAL DO CENTRO CALVO SOTELO E APROBACIÓN DEFINITIVA DA CESIÓN DE USO Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A SÚA UTILIZACIÓN COMO RESIDENCIA UNIVERSITARIA

INTERVENCÍONS

Sr. Díaz Grandío

Bo día a todos. Queríamos facer unha pequena intervención. E agradecer que por fin chega a aprobación definitiva deste expediente de cesión de uso do Calvo Sotelo á Universidade da Coruña. Queríamos deixar de relevo que tamén o Concello da Coruña vén de cumprir o conveniado nese trámite; comezou a tramitación da modificación puntual do PXOM que permita o uso como residencia universitaria desa instalación. Damos un paso moi importante para equipar a Universidade da Coruña dunha instalación que é tan reclamada como necesaria e que lle deixo á Coruña esa dubidosa honra de ser a única cidade galega sen residencia universitaria pública. Damos un paso conxunto moi importante, repito, para unha residencia que, ademais de aloxar, tamén debe de servir para seguir atraendo estudantes e conseguir que a UDC, a universidade de todos, afiance a súa situación. Damos este paso, como xa dixeran varias veces aquí, grazas á colaboración entre institucións diversas, gobernadas entre forzas distintas pero capaces de atoparen obxectivos comúns, e que deben de seguir traballando xuntas na procura de novos camiños e proxectos coincidentes.

Pensamos que os grandes proxectos non poden nin deben ser monopolizados por ninguén e cremos que precisamente iso é que nos pide a cidadanía, que nos entendamos. E, por iso, tomemos a residencia Elvira Bao, este proxecto, como modelo de colaboración, e continuemos traballando desde ela. Grazas.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar definitivamente o expediente de desafectación parcial do Centro Calvo Sotelo e aprobar definitivamente a cesión de uso á Universidade da Coruña, para a súa utilización como residencia universitaria, de acordo co clausulado do texto do convenio xa asinado o 23 de novembro de 2015, (convenio núm. 177/2015) onde se concretan as condicións da cesión de uso.”

10. APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO Á FUNDACIÓN MENIÑOS DUN LOCAL DE 325,80 M² NO EDIFICIO A MILAGROSA, 2º ANDAR, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE APOIO Á FAMILIA E Á INFANCIA CON CARÁCTER GRATUÍTO E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO ONDE SE CONCRETAN AS CONDICIÓN DE CESIÓN DE USO Á FUNDACIÓN MENIÑOS

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325,80 m² no Edificio A Milagrosa 2º andar, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia con carácter gratuíto e aprobación do texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á Fundación Meniños.

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Meniños para a cesión de uso dun local no Edificio A Milagrosa.

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús Soto Vivero, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 do 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 do 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutra, D^a Mónica Permuy López co NIF 32 647 378 Z, representante da Fundación Meniños (CIF G-15551120), designada como tal na reunión do Padroado da Fundación o 17 de xuño de 2006, segundo consta en escritura de elevación a públicos de acordos, outorgada ante o notario D. José Manuel Lois Ponte, o 13 de setembro de 2006, con número de protocolo 2.708/2006.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Meniños é unha Fundación de carácter privado, sen ánimo de lucro e de natureza permanente.

A Fundación Meniños foi constituída en escritura autorizada polo Notario de Betanzos, D. León-Miguel López Rodríguez, o día 8 de marzo de 1996, co número 710 de protocolo, e declarada benéfico-asistencial por resolución da Consellería da Presidencia e Administración da Xunta de Galicia o 1 de abril de 1996 (publicada no Diario Oficial de Galicia do 16 de abril de 1996) e declarada de interese galego por resolución da Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia o 17 de abril de 1996 (Diario Oficial de Galicia do 22 de abril), de maneira que consta debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia co número 1996/2.

Segundo.- A Fundación Meniños ten por obxecto (artigo 5.1 dos seus estatutos) a protección da infancia, de acordo co previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e os principios recolleitos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida sociofamiliar digna para a infancia, especialmente para a poboación menor máis desfavorecida por mor de inxustizas estruturais e persoais.

O que antes era Meniños, Fundación para a Infancia, é agora a Fundación Meniños por modificación do cambio de denominación en virtude de acordo do padroado, elevado a público en escritura autorizada polo notario da Coruña, D. Víctor Peón Rama o día 10 de marzo de 2008 co núm. 470 de protocolo, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia.

Terceiro.- Para cumprir con este fin, a Fundación Meniños promoverá as seguintes actividades (artigo 5.2 dos Estatutos):

- a) Facilitar a integración sociofamiliar da poboación menor en situación de desamparo.
- b) Colaborar na eliminación ou diminución de situacións de risco que lles afecten á infancia e ás súas familias.
- c) Impulsar programas de estudo e formación permanente e reciclaxe de profesionais, procedendo mesmo á edición en calquera soporte e difusión por calquera canle de materiais e eventos de formación.
- d) Promover programas de información e sensibilización social en favor dos dereitos da infancia.
- e) Intervir, como institución colaboradora de integración familiar, nos casos legalmente previstos.
- f) Cooperar con organizacións de defensa e atención aos dereitos e necesidades da infancia dentro e fóra de España.
- g) Outras actividades ou prestacións relacionadas co obxecto fundacional.

Cuarto.- A fin de colaborar con entidades de iniciativa social dedicadas a desenvolver programas e actividades do sector da familia e infancia, a Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria do 25 de novembro de 2004 (BOP núm. 283 do 10 de decembro de 2004) aprobou inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do Edificio A Milagrosa.

Na sesión plenaria ordinaria do 24 de febreiro de 2005 aprobouse definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do Edificio A Milagrosa.

Quinto.- Local do Edificio A Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro cunha superficie de 325,80 m².

A Deputación da Coruña conta cun local no Edificio A Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 325,8 m² cun adecuado estado de conservación para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia con carácter gratuíto.

Mediante o acordo plenario do 24 de febreiro de 2005 aprobouse o expediente de desafección parcial do Edificio A Milagrosa cunha superficie de 325,80 m², co que quedou cualificada como ben patrimonial.

-MUNICIPIO: A CORUÑA

-SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 15008 A Coruña

Sendo a superficie do local de 325,80 m², no segundo andar, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuíto.

-REFERENCIA CATASTRAL: 7899201NH4979N0001FD

-ADQUISICIÓN: é parte do terreo mercado á familia Puga, por escritura pública do 28 de xullo de 1888 outorgada por D. Manuel devesa Gago e rectificada por outra do 10 de maio de 1889. Sobre o terreo, construiu a Deputación as súas expensas.

-REXISTRO: non consta.

Sexto.- A Deputación recoñece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso do local.

Por todo o exposto, acórdase formalizar o presente convenio consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

A Deputación Provincial da Coruña autoriza á Fundación Meniños a usar con carácter gratuíto os espazos situados no 2º andar do Colexio da Milagrosa, cunha superficie de 325,80 m² útiles, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia, con carácter gratuíto .

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, a efectos de alugueiro, nun prezo de 6,22 €/m² mes, que resulta 97.270,84 euros para os catro anos da cesión (a razón de 2.026,48 euros/mes), de acordo coa taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, aínda que o cesionario non terá que aboar o devandito importe.

Segunda.- Obrigas do cesionario

- Os espazos cuxos usos se autorizan utilízalos a Fundación Meniños exclusivamente para os fins indicados. Para estes efectos, a Fundación quedará obrigada a presentar anualmente (durante o primeiro trimestre de cada ano) unha memoria explicativa dos plans, programas e actividades desenvolvidas pola entidade no ámbito da provincia.
- A publicidade da Deputación debe aparecer resaltada en todos os documentos e dípticos e explicitarase a cesión dos locais á Fundación. Nunha parte principal da páxina web debe indicarse, xunto ao logotipo da Deputación, a cesión dos locais. Así mesmo, en todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración entre ambas as institucións.
- Do programa de integración familiar que Meniños desenvolve na provincia, cederalle dúas prazas á Deputación, ao dispor do Fogar Infantil Emilio Romay (HIER), para traballar a integración familiar. Ditas prazas serán xestionadas polo HIER, para o que se redactará un programa de mutuo acordo entre Meniños e o HIER para a súa xestión.
- A Fundación comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, sen poder realizar obras sen autorización da Deputación.
- En tanto que estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueloutros que deriven do uso dos locais correrán a cargo da Fundación Meniños, cos correspondentes contadores individuais.
- O Servizo de Patrimonio e Contratación, en por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura e Mantemento etc) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, así como o cumprimento dos fins do presente convenio.
- O pagamento do IBI do inmovible será por conta da Fundación Meniños.

Terceira.- Prazo de cesión de uso

O prazo de cesión de uso do local será de catro anos, como máximo, a contar desde o 26 de outubro de 2015. Non obstante, a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de tres meses e sen que por este motivo teña dereito a Fundación Meniños a indemnización ningunha e coa obriga de devolver os bens en perfecto estado de conservación.

Cuarta.- Causas de reversión

Serán causas de reversión automaticamente da cesión de uso:

- 1) O cumprimento do prazo de cesión.
- 2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no presente convenio e, en especial, as seguintes:
 - Deixar de respectar as actividades que constitúen o obxecto da cesión.
 - Prestar inadecuadamente tales actividades.
 - O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos Servizos Sociais, Sanitarios, Laborais e Seguridade Social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicable.
 - A realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.
 - O incumprimento pola entidade cesionaria do deber de conservación do inmovible.

A finalización do presente convenio por calquera destas causas ha producir a reversión do local coas súas eventuais melloras e accesorios, polo que quedará extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados á Fundación por medio do presente convenio.

A Excm. Deputación Provincial non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puidese acha levado a cabo a Fundación para o cumprimento dos seus fins, sen que se poida entender que a reversión implica a sucesión de empresa prevista na lexislación.

Quinta.- Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo, polo que quedan as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolveren as cuestións litixiosas que se susciten na súa aplicación entre as partes.

E, en proba de conformidade, asínano por cuaduplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR A ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para a atención de visitantes ao dolmen de Dombate (Concello de Cabana de Bergantiños) e actividades culturais complementarias de posta en valor do dolmen de Dombate e da cultura megalítica 2015, coa achega provincial indicada na cláusula cuarta do convenio de 60 000 euros e con cargo á nova partida orzamentaria 0620/3362/22609.

2.Facultar o presidente para a execución do presente acordo

CONVENIO

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para a atención de visitantes ao dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños) e actividades culturais complementarias de posta en valor do dolmen de Dombate e a cultura megalítica

Na Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña,

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia núm. 15671 do 27 de xullo de 2015, modificada pola núm. 16642 do 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro, D. José Muíño Domínguez, alcalde-presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.

EXPOÑEN

1. A Deputación Provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do dolmen de Dombate. En primeiro lugar, adquiriu os terreos onde se sitúa o dolmen e as leiras lindeiras e, a continuación, posibilitou a realización das correspondentes campañas de escavación e realizou os estudos e actuacións necesarias para a súa adecuada conservación, nomeadamente das súas pinturas, de extraordinario valor arqueolóxico. Así mesmo, construíu un edificio para a súa adecuada protección e outro para a súa musealización e recepción de persoas visitantes, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do museo.

2. O concello de Cabana de Bergantiños leva colaborando coa Deputación Provincial da Coruña na xestión do dolmen, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas. O obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e, asemade, sensibilizar acerca das posibilidades da cultura megalítica como recurso e reclamo turístico.

3. O Concello de Cabana de Bergantiños quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión do dolmen de Dombate.

4. Que coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias para a posta en valor deste conxunto megalítico, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA:Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños polas que a Deputación Provincial da Coruña lle encomenda ao Concello de Cabana de Bergantiños os servizos de atención a persoas visitantes ao dolmen de Dombate e as actividades complementarias de posta en valor do dolmen de Dombate.

SEGUNDA:Obrigas do Concello de Cabana de Bergantiños

A xestión do servizo de atención a persoas visitantes implicará as seguintes obrigas do Concello de Cabana de Bergantiños:

Metodoloxía do servizo de atención a visitantes

2.1. Tarefas xerais

- Facilitar a visita ao recinto patrimonial mediante os servizos de guía-monitor.
- Control do tránsito, tanto no recinto coma nos dous edificios, con prioridade na protección de monumento.
- Visitas guiadas cada 30 minutos (complementadas co visionado dun documental no centro de recepción e a visita á exposición, réplica...).
- Coordinación co persoal de seguridade para formar grupos nas visitas guiadas.
- Controlar a utilización de cámaras ou equipos audiovisuais sen flash.
- Responder e aclarar as preguntas e dúbidas dos visitantes.
- Facilitar a información turística e cultural (ao comezo e fin de cada visita guiada).
- Elaboración dunha estatística de visitas do centro cun libro de control.
- O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2.2. Outras tarefas específicas

- 2.2.1. Conservación e mantemento: o Concello de Cabana de Bergantiños deberá manter, en perfectas condicións de conservación, tanto o inmovible coma os bens incluídos nel, non podendo realizar obras no inmovible ou alterar as súas instalacións.
- 2.2.2. Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo .
- 2.2.3. Fomentar o estudo e da investigación en colaboración coas agrupacións culturais da zona.
- 2.2.4. A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura da zona.
- 2.2.5. Promover actividades culturais, conferencias, gastronomía da zona, actividades agrarias etc., en relación con colectivos culturais e educativos da zona.
- 2.2.6. Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e museos.

- 2.2.7. O Concello de Cabana de Bergantiños asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

2.3. Actividades complementarias que hai que realizar

2.3.1. Visitas guiadas nocturnas. Venres noite (23.00 a 24.00 horas)

- Como o edificio do pavillón do dolmen conta con iluminación interior e graduable para poder crear distintos ambientes, considérase necesario comezar con visitas nocturnas a Dombate como actividade nova e de goce das noites do verán.
- As visitas levaraaas a cabo o servizo de atención a visitantes e terán unha hora de duración (de 23.00 a 24.00 horas), centradas nos venres.

XULLO: días 1, 8, 15, 22, 29

AGOSTO: días 5, 12, 19, 26

2.3.2. Campaña de visitas escolares

- Todos os venres de xaneiro, febreiro, marzo, outubro, novembro, decembro. Os meses de abril, maio e xuño tamén haberá visitas os xoves.
- Contacto con todos os centros de ensino da provincia.
- Con visita guiada a Dombate, visionado de documentais e lectura de textos sobre Dombate polo alumnado.

2.3.3. Coordinación das actividades

- Deseño e programación das actividades.
- Contacto e negociación coas empresas e profesionais participantes.

2.3.4. Música e escenificacións teatrais

Estas actividades levaráanse a cabo sobre todo en tempada baixa aproveitando a acústica do centro arqueolóxico e a protección contra as inclemencias do tempo.

2.3.5. Obradoiros artesanais diversos

- Delimitación dun espazo que funcione como “aula de obradoiros” no centro de recepción de visitantes.
- Os obradoiros e outras actividades tamén se poden desenvolver no exterior dos edificios sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.
- Empregar o mobiliario dispoñible no centro e complementalo co dispoñible no Concello.

2.3.6. Actividades de divulgación e formativas

- Convidar a científicos, arqueólogos, biólogos... para que acheguen máis información sobre o dolmen de Dombate e o seu tempo.

- Aproveitar a pantalla e o auditorio do centro de recepción para charlas e presentación de libros.

2.3.7. Eventos deportivos

- Organizar competicións deportivas que leven por nome o Dolmen de Dombate.
- Procurar que se poidan desenvolver na contorna ou preto do centro arqueolóxico.

2.3.8. Campañas de divulgación e publicidade de todas as actividades

- Campaña de difusión na prensa escrita, radio, redes sociais, para que o maior número de xente posible poida achegarse a Dombate.
- Durante as actividades manterase un diálogo constante con todas as persoas interesadas, a través das redes sociais para compartir información ou responder a preguntas en tempo real.

TERCEIRA: Atención do persoal e horario

Os servizos de atención a persoas visitantes e demais actividades deberán prestalos profesionais cualificados, ben con persoal propio do Concello ou mediante os correspondentes contratos que se realicen ao amparo do establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto de contratos do sector público. En ningún caso o persoal que adscriba o Concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa suporá creación de relación laboral ningunha coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será, como mínimo:

TEMPADA BAIXA (xaneiro, febreiro, outubro, novembro, decembro):

Centrar a atención a visitantes nos fins de semana e reservar os venres para que os colexios poidan gozar das visitas guiadas. En tempada baixa, a xornada será de 6 horas, tendo en conta o horario escolar, e o cambio de horario no outono e inverno:

De venres a domingo (6 horas/día) (10.30 a 14.00 horas // 16.00 a 18.30 horas)

Nota: do 5 ao 11 de decembro (Ponte da Constitución) haberá servizo de visitas guiadas todos os días.

TEMPADA EXCURSIÓNS DE PRIMAVERA (de xoves a domingo):

1- 18 marzo (10.30 a 14.00 horas // 16.00 a 18.30 horas)

Debido á maior concentración de grupos nestes días, ampliaranse os días de visitas guiadas semanais a xoves e venres.

(31 marzo - 21 xuño) (11.00 a 14.00 horas // 16.00 a 20.00 horas)

Despois de semana e do cambio horario de verán, ampliaranse as horas de visita guiada (7 horas/día).

TEMPADA ALTA (Semana Santa, xullo, agosto e setembro):

De luns a domingo (11.00 a 14.00 horas //16.00 a 20.00 horas)
Semana Santa (do 19 a 27 de marzo)

Para concentrar o máximo posible de grupos escolares nos días reservados, porase ao dispor dos centros un teléfono de atención a persoas visitantes con cita previa de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas: Teléfono de atención a visitantes (cita previa): 981 754 020.

Tamén se poderá reservar cita por escrito mediante un formulario de inscrición, ben a través do núm. de fax 981 754 229, ben a través do correo electrónico no Departamento de Cultura, Educación e Turismo: cultura.concello@gmail.com.

CUARTA:Obrigas da Deputación Provincial da Coruña

A Deputación Provincial da Coruña aboaralle ao Concello de Cabana de Bergantiños a cantidade de 60.000 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3362/22609.

QUINTA:Forma de pagamento

A Deputación Provincial aboaralle ao Concello de Cabana de Bergantiños a achega correspondente da seguinte maneira, conforme á seguinte desagregación:

MES	Visitas guiadas	Visitas escolares e nocturnas	Música e teatro	Eventos deportivos	Obradoiros	Actividades divulgación, formativas	Campañas prensa	Coordinación actividades
XANEIRO	(36 h) 567,36	(18 h) 283,68						
FEBREIRO	(48 h) 756,48	(24 h) 378,24			400 (mestres da memoria)			
MARZO	(87 h) 1371,12	(43 h) 677,68	700 (contos da memoria)			4380 (curso)	1000	1800
ABRIL	(63 h) 992,88	(63 h) 992,88						

MAIO	(63 h) 992,88	(56 h) 882,56		1500 (arqueo- ciclismo)				
XUÑO	(56 h) 882,56	(63 h) 992,88	450 (solsticio de verán)				1000	1800
XULLIO	(217 h) 3419,92	(5 h) 78,8				4380 (simposio)		
AGOSTO	(217 h) 3419,92	(4 h) 63,04	1060 (concerto)					
SETEMBRO	(210 h) 3309,6			7346 (carreira popular)		2600 (congreso)	1000	1800
OUTUBRO	(60 h) 945,6	(24 h) 378,24	500 (outono do patrimonio)					
NOVEMBRO	(48 h) 756,48	(24 h) 378,24	1000 (romaría de inverno)					
DECEMBRO	(84 h) 1323,84	(12 h) 189,12			450 (saberes e sabores)		1000	1800

TOTAL

60.000 €

Efectuaranse mediante pagamentos trimestrais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente. En consecuencia, non se efectuará ningún pagamento por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo/a secretario/a co visto e prace do alcalde-presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.

Acompañarase ademais dunha memoria onde se indicarán as actividades realizadas, o persoal adscrito aos servizos e o informe estatístico de visitantes.

Cada pagamento requirirá de informes favorables dos servizos de Patrimonio e de Fiscalización.

Para o cobramento de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Cabana de Bergantiños deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de Seguridade Social. Así mesmo, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, no caso de que os houbese.

O importe da achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA:Supervisión pola Deputación

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que lle corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación en por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e dos bens adscritos, así como o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no edificio do Dolmen non poderán superar o límite de 25 persoas no interior del, de acordo coas recomendacións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta da Galicia e, en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitaralle á Deputación, cunha antelación de polo menos de 15 días, unha autorización para a realización de cada unha das actividades na que se especifiquen as datas e os horarios e se acompañe dunha memoria xustificativa.

A Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, para a cal tamén se solicitará a participación da Xunta de Galicia, comisión QUE velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial, e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación del.

SÉTIMA:Utilización pola Deputación

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, poderanse realizar nel as actividades que estime oportunas.

OITAVA:Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.

- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Non obstante, a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2017 e poderá prorrogarse o devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

DÉCIMA: Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo, polo que quedan as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolveren os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso, aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do

E en proba de conformidade, ambas as partes o asinan por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente, P.D. o deputado de
Contratación, Patrimonio e
Equipamento

O alcalde-presidente do Concello de
Cabana de Bergantiños

Xesús Soto Vivero

José Muíño Domínguez

12.- APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de decembro de 2015.

2.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

13.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2015 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓN COMERCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- “1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

14.-APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ORZAMENTO CONSOLIDADO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do orzamento definitivamente aprobado polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2016, que presenta o seguinte resumo por Capítulos:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	293.911,67
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	8.075.263,74
III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.842.372,52	III.- GASTOS FINANCEIROS	7.200,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.593.599,32	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	7.200,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	0,00

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	8.443.171,84	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	8.376.375,41
VI.- ALLEAMENTO DE INVERTEMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVERTEMENTOS REAIS	66.796,43
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	66.796,43
TOTAL ORZAMENTO	8.443.171,84	TOTAL ORZAMENTO	8.443.171,84

SEGUNDO: Quedar coñecedor do estado de consolidación do orzamento provincial e do orzamento do consorcio para o exercicio 2016, que presenta o seguinte resumo por capítulos:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.113.432,58	I.- GASTOS DE PERSOAL	40.133.415,56
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.396.701,53	II.- GTOS BENS CORRENTES E SERVICIOS	30.621.188,09
III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	12.361.993,50	III.- GASTOS FINANCEIROS	27.200,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	135.111.077,10	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	42.561.166,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	717.448,65	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.512.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	178.700.653,36	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	116.854.969,75
VI.- ALLEAMENTO INVERTEMENTOS REAIS	1.569.708,00	VI.- INVERTEMENTOS REAIS	22.469.666,43
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.355.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	475.045,82	VIII. - ACTIVOS FINACEIROS	22.065.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.044.753,82	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	63.890.437,43
TOTAL ORZAMENTO	180.745.407,18	TOTAL ORZAMENTO	180.745.407,18

TERCEIRO: Publicar no Boletín Oficial da Provincia o estado de consolidación do orzamento provincial e do Consorcio para o exercicio 2016 para os efectos de información, publicidade e transparencia.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

Sra. Secretaria

Hai presentadas dúas mocións, unha de Alternativa dos Veciños e outra do Grupo Provincial Popular.

Sr. Presidente

Hai que votar a retirada destas dúas mocións.

Sr. García Seoane

Na Comisión da Xunta de Portavoces tratouse o tema, este deputado mantén a súa postura respecto do que se di na moción, pero si que tamén está de acordo co que se comentou cos distintos portavoces de deixala sobre a mesa, para traela nun próximo Pleno. Non quere dicir isto que a retire no sentido explícito, senón que queda sobre a mesa porque hai un compromiso por parte do goberno da Deputación de facer unha valoración sobre esa propiedade, que eu teño as miñas dúbidas e que, polo tanto, ao ser diñeiro provincial, por iso presenteí a moción.

Polo tanto, en favor desa dispoñibilidade, de pedirlle esa valoración a un técnico independente e, logo, se procedera no próximo Pleno trataríase ou non se trataría, se eu quedara convencido de que foi claro o asunto. Esa é a razón pola que retiro a moción.

O Pleno, por unanimidade, acorda a retirada da moción.

Sr. Presidente

No tocante á outra moción que se retira, non sei se quere explicar tamén a retirada o portavoz do Grupo Provincial Popular.

Sr. Negreira Souto

Grazas, presidente. A retirada obedece un pouco á necesidade e comprendémolo entre todos, a raíz da xuntanza de portavoces, de ver polo miúdo esta moción de facer unhas reunións posteriores para concretar un mecanismo que teña un carácter definitivo fronte ao que poden ser acontecementos extraordinarios arredor de inundacións e cousas deste tipo e xerar un mecanismo que sexa permanente para que os Concellos poidan ser asistidos de forma inmediata, que se poida facer una avaliación de danos en caso de acontecementos climáticos, como aquí relatabamos. Polo tanto, de acordo con iso, manter estas reunións este mes para o próximo mes poder ter sobre a mesa unha proposta que sexa de común aceptamento por todos os Grupos.

O Pleno, por unanimidade, acorda a retirada da moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Hai unha pregunta por escrito formulada pola Marea Atlántica.

Sra. Fraga Sáenz

Bo día a todos e a todas. No Pleno ordinario da Deputación Provincial da Coruña o pasado 30 de decembro de 2015, no debate xurdido ao redor do punto 20 da orde do día concluíuse, como así o recolle a acta, a retirada do punto da orde do día para posterior estudo. En virtude dos feitos, este Grupo provincial trasládalle as seguintes preguntas ao seu presidente.

Un, se foron realizados traballos ou en que estado están aos que aludiu o presidente, don Valentín González Formoso, na súa intervención final; e se ten este goberno unha previsión sobre a data en que lle será devolto ao Pleno este debate sobre o convenio do motor da historia.

Sr. García García

Bos días a todas e a todos. Con respecto á pregunta, nós entendemos que foi retirado no seu momento ese punto, e que está pendente simplemente de que o Concello da Coruña, que creo que xa pagou todo o que tiña que pagar da súa parte, se considera que se cumpren as condicións para que este punto volva a este Pleno, que faga a correspondente solicitude, é dicir, se cumpriu e se o que dixo a Sra. Fraga Sáenz non modificou dalgunha maneira, ou cambiou algo, polo tanto, simplemente está pendente de que o Concello da Coruña faga a solicitude e será estudada tendo en conta todas as achegas que houbo no seu momento neste Pleno, tanto polo Sr. Dios, como polo Sr. García Seoane, como por nós mesmos, e por vostedes mesmos, polo tanto, nas mans do Concello da Coruña está.

Sra. García Gómez

Bos días. Hai meses que o seu goberno anunciou o desenvolvemento de diferentes plans dotados máis ou menos con once millóns de euros: un de medio ambiente, un de emprego e un plan para comunidades. O tempo apura, os Concellos queren desenvolver os seus proxectos e seguimos sen ter coñecemento de cal é a situación destes plans, os prazos e as previsións dos que falaram ou dos que nos informaron estanse a cumprir, en concreto o medioambiental, falaban do 31 de xaneiro de 2016.

Rogamos que se axilice e concrete a redacción das bases destes plans e que, en canto estean dotados orzamentariamente, se poidan solicitar.

E, despois, unha suxestión. Imos ver, o servizo de asistencia que está xestionando o cobramento das taxas e impostos delegados dos Concellos, a verdade é que é moi

deficitario, por falta normalmente de persoal, ou polo menos iso é o que nos refiren. Resulta imposible contactar telefonicamente desde os municipios con este servizo, día tras día, estamos chamando continuamente, sempre nos dá comunicando e non nos collen o teléfono. Solicitamos que se reforce este servizo con persoal suficiente ou que se habiliten liñas telefónicas para atender os usuarios, dado que, se non, provócanos ter que vir directamente ao servizo.

Sr. Presidente

Respecto destes dous rogos, informar de que, como ben dis, hai unha serie de plans anunciados por este goberno, intentamos por acordo de goberno intentar reducir a asignación de recursos pola vía das subvencións nominativas a un máximo dun 5 %, e ao resto, intentarlle asignar os recursos con carácter obxectivo en base a criterios obxectivos utilizando os parámetros basicamente do POS, que creo que é un modelo que leva aquí funcionando marabillosamente ben durante os últimos 30 anos. Polo tanto, está anunciado, como ben dis, aparece no propio orzamento aprobado aquí neste Salón de Plenos, un plan de emprego que esperamos poder reforzar economicamente coa liquidación positiva que temos do exercicio 2015, porque entendemos que é a clave e o obxectivo clave deste goberno, creo que desta Corporación, facer unha política transversal en materia de emprego, que segue sendo o verdadeiro problema deste país para a sociedade.

Polo tanto, teremos un plan de emprego que vai ser ambicioso e esperamos contar coas achegas de todos vós, a quen volo contaremos cando teñamos máis concretadas as liñas, porque estamos escoitando tamén a axentes implicados na materia, contarémosvos cales son esas liñas, para que tamén acheguedes as vosas ideas, que os propios técnicos de emprego dos Concellos e os propios grupos municipais e provinciais queiran achegar. Á parte, temos un Plan de medio ambiente que leva unha partida importante no propio orzamento de dous millóns de euros, que se vai complementar cunha cantidade similar neste ano, con remanente de 2015, porque entendemos que tamén as propias bases dese Plan de medio ambiente inciden, como digo, como política transversal, no obxectivo de crear emprego e xerar dinamismo na propia provincia, é dicir, van ser asignados eses recursos con criterios puramente obxectivos, tal e como nos requiriron os alcaldes da provincia. E, por outra parte, estamos deseñando tamén un plan de recuperación do patrimonio histórico, que implica a posta en valor do patrimonio histórico e a preservación, polo menos en condicións mínimas, do patrimonio histórico da provincia, que tamén implica a intención de que xere emprego a execución dese propio plan.

Está en deseño tamén un plan de apoio e reforzo ás entidades e colectivos que prestan servizos sociais na propia provincia da Coruña, que tamén será un plan ambicioso e que vai ir destinado, lóxicamente, a entidades dese ámbito.

Hai un plan, que xa foi tratado aquí polo menos nunha ocasión, de intentar, en concorrencia competitiva, todas aquelas fórmulas que buscan optimizar recursos na colaboración intermunicipal, chámense fusións, chámense comunidades, chámense agrupacións ou consorcios. Será un plan que tamén estamos falando con aquelas entidades que están en funcionamento e que nos queren achegar, lóxicamente, cal é o mellor deseño dun plan que vai destinado a eles; é dicir, se facemos unhas bases e digamos que promovemos accións que a eles non lles interesan, sería un fracaso. Polo tanto, estamos recibindo esas achegas desas entidades para que sexa un plan

efectivo que, en principio, está dotado de 700.000 euros, que queremos reforzar porque entendemos que non chegará, queremos reforzalo coa maior brevidade posible.

Respecto da outra cuestión que nos dis, en principio revisaremos esas cuestións que achegas, pero en calquera caso é o mesmo sistema que viña funcionando ata o de agora, é dicir, non hai ningún cambio nin na empresa adxudicataria, nin na entidade que presta o servizo, nin no procedemento de prestación dese servizo, nin sequera no persoal que presta o servizo, nin sequera no teléfono físico que se utiliza. Polo tanto, en calquera caso, se efectivamente esa mellora hai que facela, poñémonos mans á obra e abordarémola, sen ningún problema.

Sra. García Gómez

En efecto, estamos transmitindo algo que detectamos desde os Concellos, no seu momento non se detectou, agora si que se está detectando. E trátase, simplemente, de transmitilo para que poidan solucionar esa deficiencia e, en canto ao primeiro, evidentemente, nós somos coñecedores da existencia porque xa nolo anunciaron en diferentes comisións os plans, pero nós o que queremos é que se empecen xa a concretar as datas, ou sexa, o noso rogo vai en que se empecen a concretar e vaian saíndo as bases xa dos plans.

Sr. Presidente

Do que podes estar totalmente tranquila é de que nós temos a intención de poñernos en marcha á maior brevidade posible. É certo que hai algún plan complexo, porque a maior parte deles non existían, é dicir, había outro sistema de adxudicación deses recursos e, polo tanto, era máis sinxelo, este é máis complexo. En materia do Plan de emprego, por exemplo, se anteriormente había previsto unha partida dun millón trescentos e hoxe hai tres trescentos, que queremos chegar a seis, a cuestión é atinar. Tivemos unha reunión coa Xunta de Galicia hai vinte días, o deputado da área e mais eu coa secretaria xeral de Emprego e co director xeral de Emprego para intentar coordinar esas políticas porque entendemos que, primeiro, a competencia é autonómica, non é provincial, nós o que queremos á achegar un gran de area, pero que valla para algo, que eses recursos sexan efectivos e, polo tanto, que quen sabe disto -que é a propia Consellería- que nos oriente no sentido de onde debemos destinar eses fondos, por iso leva tempo. Mantivemos esa reunión, quedaron de pasarnos digamos que algunha idea, nós dixemos as cantidades que podíamos achegar, eles o que podían achegar e, polo tanto, estamos concretando un pouco ese deseño no que, como digo, non queremos fallar. Por unha parte, queremos deseñar recursos ao que nos piden os alcaldes, que xa se facía na Corporación anterior, con menos cartos, pero seguindo a mesma liña, que permitirlles aos Concellos da provincia poderen contratar xente para prestaren servizos básicos durante unha tempada, sobre todo tendo en conta as limitacións que impón a propia lei de racionalidade e sostenibilidade local, na Administración local.

Por outra parte, tamén ter en conta, aí é onde entra a Xunta de Galicia, como fixo nalgún caso nesta deputación, de apoiar a creación de emprego digamos que vinculada á asistencia social, é dicir, xente que necesita urxentemente un emprego desde o punto de vista social. E, por outra parte, que é a parte máis complexa, e a que máis lle gusta á Xunta, e a nós tamén, porque é unha semente para o futuro, que

é intentar apoiar o autoemprego, intentar apoiar as iniciativas emprendedoras que xeran hoxe un emprego pero que poden consolidarse e non morrer nunha porcentaxe importante se o facemos ben, tendo en conta a experiencia do propio Igape, con vistas ao futuro, e aí é onde pedimos un mínimo de paciencia neste plan concreto, porque non queremos fallar, son moitos cartos e entendemos que cómpre que sexa efectivo.

Sr. Negreira Souto

Moitas grazas, simplemente, como será hoxe o meu último Pleno na Deputación, para agradecerlle a todas as persoas de todos os grupos políticos o nivel de colaboración, o nivel de diálogo que sempre tivemos; deixar constancia tamén do meu agradecemento a todo o persoal da Deputación pola súa profesionalidade e pola súa dedicación; e un desexo, que acerten, que estou seguro de que o farán e de que será moi positivo para toda a veciñanza da provincia da Coruña. Nada máis, e desexarlles o mellor. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Aproveito xa para darlle unha afectuosa despedida a Carlos, que lle vaia ben no seu camiño. Tiñamos un rogo referente ao sistema SUBTEL, co que conta a propia Deputación, xa que nas últimas semanas este Grupo vén de recibir numerosas queixas por parte de cidadáns, así como doutros concellos, incluso de traballadores públicos desta Administración, sobre os problemas derivados da utilización, repito, do sistema SUBTEL. Deficiencias relativas á súa complexidade na tramitación de subvencións, aos tempos de espera e aos numerosos problemas informáticos que teñen derivado nalgunha ocasión no bloqueo deste sistema. Deficiencias que teñen dificultado, e mesmo excluído, a solicitude de subvencións de numerosas persoas e entidades, e incluso Concellos, e que poden chegar a poñer en xaque a realización desa actividade que é susceptible de convenio. Por todo isto, o que lle solicitamos a este goberno da Deputación é que teña en conta ditas queixas e que procure un sistema informático que sexa o máis eficaz e accesible posible. Grazas.

Sr. Presidente

Respecto deste tema, unicamente apuntar que é un sistema modélico que, loxicamente, como calquera sistema, é mellorable pero, sobre todo, calquera mellora ten unha limitación, que é que se todo o mundo, todas as entidades da provincia ás que esta deputación asiste economicamente, agardan á última media hora do peche do prazo, loxicamente, colápsase e non ten fácil de resolver este problema a propia Deputación. Transmitirémolle esta demanda ao propio departamento de Informática, pero se hai algún departamento que nesta Deputación funcione *ipso facto*, ás mil marabillas, e case as 24 horas, é o departamento de Informática. Polo tanto, vexo difícil resolvelo, o que si faremos será unha campaña tamén a nivel provincial e a nivel de entidades, para que sexan conscientes desta limitación técnica que hai e para que se se abre o prazo non agardemos, e falo eu, que son de agardar o último día, pero para intentar concienciar á xente de que se hai esa limitación, que sexa áxil e prudente na presentación de solicitudes. Moitas grazas.

E respecto de Carlos, como di moi ben Dani, que lle vaia todo o mellor posible e darlle as grazas polo pequeno tempo onde como voceiro exerceu cun talante de

colaboración absoluto, e como persoa que a esta cidade e a esta provincia lle leva dedicado moito tempo persoal, moito tempo familiar, con todas as dificultades que iso supón e máis hoxe en día, agradecerlle en nome da provincia ese esforzo persoal que durante anos leva facendo. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, a secretaria accidental, dou fe.